

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de Tecnoloxía



XUNTA DE GALICIA. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**IES Terra de Turonio**

Gaiandas s/n. 36380 Gondomar. Tlfno: 986384016 Fax: 986389086

E-mail: ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.es



I. E. S.  
terra de turonio  
gondomar

**MATERIA:**

*Information and communication technologies 4º ESO*

*ICT 4º ESO*

*Curso 2022 -2023*  
*IES plurilingüe Terra de Turonio*

## Sumario

Introdución e contextualización da programación para ICT 4o ESO.....	3
Docente que impartirá la materia no curso escolar 2022-2023.....	4
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
Obxetivos xerais do curso.....	8
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
Concrecións metodolóxicas.....	17
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	17
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	17
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	17
Criterios de cualificación das avaliacións.....	18
Criterios de cualificación Final.....	18
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.....	19
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poida adoptar como consecuencia dos seus resultados .....	19
Medidas de atención á diversidade.....	19
Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	19
Actividades complementarias e extraescolares programadas. ....	20
Proxecto Plurilingüe.....	20
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da Programación Didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	20
Constancia da información para o alumnado.....	20

## 1 Introducción e contextualización da programación para ICT 4º ESO

Esta programación baséase no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é transmitirles aos alumnos os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, científico e tecnolóxico; afianzar neles hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades; formalos para que asuman os seus deberes e exerzan os seus dereitos, e preparamos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.

Os métodos para a Educación Secundaria Obrigatoria deben adaptarse ás características dos alumnos, favorecer a capacidade para aprenderen por si mesmos, para traballar en equipo e resolver problemas. Estes métodos deben integrar, ademais, os recursos das tecnoloxías da información na aprendizaxe, e iniciar os alumnos no coñecemento e na aplicación dos métodos científicos.

O IES Terra de Turonio é un centro educativo situado no centro urbano de Gondomar que recolle alumnado procedente de centros de primaria ubicados en tres parroquias da contorna periurbana deste concello. Existen diferencias moi substanciais entre o alumnado do noso centro en canto a nivel de uso e familiarización coas TIC.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediatez que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicacións cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

A materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación foi incluída no Proxecto Plurilingüe do centro para ser impartida en inglés a partir do curso 2018-19.

A situación xerada pola pandemia aumentou a importancia da formación nas TIC.

## 2 Docente que impartirá la materia no curso escolar 2022-2023

No curso 22-23 a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación – TIC - de 4º da ESO na súa versión bilingüe (ICT) será impartida pola docente Miryam Fernández Suárez.

## 3 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre éstas e os estándares de aprendizaxe avaliados de TIC 4º ESO, tal e como se recolle na seguinte táboa.

<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias que desenvolve</b>
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	♣ CD ♣ CSC
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	♣ CD ♣ CMCCT
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	♣ CD ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	♣ CD ♣ CAA ♣ CSC
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	♣ CD ♣ CSC ♣ CCEC
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CAA
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	♣ CD ♣ CMCCT
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CAA
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias que desenvolve</b>
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	♣ CD ♣ CMCCT
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	♣ CD ♣ CMCCT
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CCL

Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSIEE</li> <li>♣ CCEC</li> </ul>
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CSIEE</li> </ul>
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxela e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSIEE</li> </ul>
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSIEE</li> <li>♣ CCEC</li> <li>♣ CSC</li> </ul>
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSIEE</li> </ul>
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> </ul>
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> </ul>
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> </ul>

Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
para garantir a seguridade.	♣ CCL
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CAA ♣ CSC

Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CCL ♣ CAA
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CCL ♣ CSC ♣ CSIEE ♣ CCEC
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CCL ♣ CAA ♣ CSIEE ♣ CSC
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CSIEE
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	♣ CD ♣ CMCCT ♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un	♣ CD

Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
dispositivo móbil e outro dispositivo.	♣ CMCCT
Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CSIEE</li> </ul>
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CD</li> <li>♣ CMCCT</li> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CSC</li> </ul>

#### 4 Obxetivos xerais do curso

- Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.
- Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable
- Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.
- Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.
- Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral
- Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.
- Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.
- Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.
- Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.
- Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.
- Adoptar condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información
- Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.



- Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.
- Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.
- Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.
- Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.
- Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.

## **5 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación**

A materia articúlase nos 6 bloques seguintes:

- Bloque 1. Ética e estética na interacción na rede
- Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes
- Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital
- Bloque 4. Seguridade informática
- Bloque 5. Publicación e difusión de contidos
- Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión

Os bloques abordaranse na seguinte orde:

Bloque 2, bloque 4, bloque 3, bloque 6, bloque 5.

O bloque 1 é transversal, durante todo o curso se utilizará a rede como ferramenta, e traballarase máis especificamente xunto co bloque 5.

- Bloques 2 e 4 : 1º trimestre.
- Bloque 3: 2º trimestre.
- Bloques 5 e 6: 3º trimestre.

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Todo o curso	Entende o funcionamento básico da Rede e a necesidade de manter determinados hábitos para preservar a privacidade, a seguridade e os dereitos de tódolos usuarios	-Observación sistemática. -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.		Coñece as condicións de seguridade de contrasinais e aplícaas de xeito adecuado	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.		É capaz de utilizar distintas opcións para almacenar, compartir e intercambiar contidos na Rede, e respeta os dereitos de autoría cando incorpora recursos da Rede ós seus traballos	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web		Coñece os métodos de identificación na Rede, o funcionamento do comercio electrónico, así como as técnicas habituais de fraude e aplica as precaucións necesarias para protexerse contra elas	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	1 sesión  (dentro do bloque 5, 3º trimestre)	Coñece os tipos de licenzas de software e contidos, e respeta os dereitos de autoría	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Todo o curso	Organiza adecuadamente as súas producións dixitais nos distintos dispositivos físicos e servizos de almacenamento na nube que utiliza.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	1º trimestre 2 semanas  (outubro)	Distingue as funcións específicas dun sistema operativo e sabe utilizar as principais opcións de configuración. Coñece as diferenzas entre os principais sistemas operativos utilizados na actualidade en ordenadores de sobremesa/portátiles e dispositivos móbiles	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática.  -Probas específicas
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.		Coñece o funcionamento das principais ferramentas de mantemento e as necesidades de actualización, así como a instalación/desinstalación de programas	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de		Realiza modificacións na configuración do equipo só previa consulta ou instrución do profesor.	-Observación sistemática -Exercicios e producións

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
comunicación entre dispositivos.		Coñece distintos programas de navegación, intercambio de ficheiros, mensaxería...	dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	1º trimestre, 4 semanas  (setembro-outubro)	Distingue compoñentes básicos e conectores de equipos informáticos, coñece a función de cada un e as características básicas que determinan as súas prestacións. É capaz de escoller con criterio compoñentes para ordenadores persoais en base a unhas necesidades e un presuposto.	-Prácticas de montaxe-desmontaxe de compoñentes -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	1º trimestre, 3 semanas (novembro)  conxuntamente co estándar 4.1.1	Clasifica as redes informáticas baseándose en distintos criterios	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	2º trimestre, 5 semanas  (xaneiro-febreiro)	Manexa aplicacións ofimáticas a nivel de usuario, utilizando adecuadamente as principais opcións dos menús	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan		Manexa con certa soltura unha folla de cálculo e utiliza distintas funcións para procesar e presentar información	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
resultados textuais, numéricos e gráficos.			orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	2º trimestre, 1 semana  (febreiro)	Utiliza as funcións básicas de consulta e modificación de información nunha base de datos	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.		Elabora presentacións utilizando aplicacións ofimáticas e/ou ferramentas online, coidando a claridade e concisión e integrando distintos tipos de elementos e efectos.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	2º trimestre, 6 semanas  (febreiro-marzo)	Utiliza hardware e software para a captura, copia, edición e conversión a distintos formatos de imaxes, audio e vídeo . Manexa a nivel básico software de edición de imaxes e de audio/vídeo.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	1º trimestre, 3 semanas  (xunto co estándar 2.5.1)  (Novembro)	Coñece os parámetros básicos de configuración de rede, e o hardware usado habitualmente para conexións con ou sen fíos.	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Todo o curso 1 semana específica 1º trimestre	Aplica o aprendido respecto a seguridade informática no seu traballo cotiá na aula	-Observación sistemática
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.		Diferencia a utilidade de cada tipo de ferramenta de seguridade informática, sendo consciente da importancia do seu uso, actualización e adaptación ó entorno de traballo	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	2º, 3º trimestre (8 semanas) (abril, maio)	Sabe usar as opcións que ofrece o sistema operativo para compartir recursos en redes locais.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.		Utiliza etiquetas HTML para a integración de textos e gráficos en páxinas web sinxelas, e coñece a existencia doutras linguaxes usadas na web como PHP e Java	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.		Utiliza etiquetas HTML e editores web "WYSIWYG" para o deseño dun sitio web no que se integre texto, gráficos e contidos audiovisuais cunha maquetación adecuada.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.		Coñece e utiliza recursos TIC utilizados en distintas iniciativas sociais	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.		Publica sitios web de deseño propio con ferramentas que permiten a previsualización e adaptación a distintos navegadores /dispositivos	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	3º trimestre, 2 semanas  (xuño)	É capaz de utilizar a rede para buscar e compartir información a través de plataformas diversas e acceder a distintos servizos	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.		Sincroniza información entre dispositivos móbiles e ordenadores, usando medios de transmisión cableados e inalámbricos.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.		Ten en conta as precaucións básicas á hora de interactuar en redes sociais	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
			orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.		Coñece e utiliza distintas técnicas de transmisión (P2P, streaming) e canles de distribución de contidos multimedia na Rede	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas



## 6 Concrecións metodolóxicas

Antes de abordar cada bloque temático tratará de avaliarse o nivel de coñecementos previos dos alumnos, xa que como se comentou na Introducción atopámonos con moita disparidade. Isto normalmente faise en forma de preguntas orais e a través dos primeiros exercicios realizados no ordenador. Adaptaranse as explicacións ós alumnos de nivel máis baixo, e organízase a clase de xeito que cada un poida seguir o seu propio ritmo de actividade.

Esta é unha materia eminentemente práctica e a maior parte dos contidos implican traballo no ordenador. Á hora de abordar as partes máis teóricas trataráse tamén de integrar o ordenador todo o posible, mediante actividades de procura, análise, síntese e presentación de información.

Á hora de traballar con aplicacións informáticas poderanse proporcionar materiais ós alumnos que eles terán que modificar utilizando as funcións das aplicacións ou proporse outros novos que eles terán que elaborar. Procurarase a familiarización dos alumnos cos manuais de programas e o seu uso .

As formas de traballo habituais incluírán:

- Clases expositivas
- Discusión grupal
- Traballo persoal na aula informática mediante software diverso
- Traballo persoal na casa
- Envío ao profesor ou presentación na aula do traballo elaborado

## 7 Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

**-Libro de texto: “Information and Communication Technologies 4º ESO”, Editorial Donostiarra, ISBN 978-84-7063-546-5**

-Uso de software libre , aula virtual e/ou distintos recursos da Rede como fonte de información para a realización dos traballos

- Textos especializados (libros, revistas...) adquiridos polo centro.

-Aula de informática: Equipada con pantalla dixital e software de control dos ordenadores do alumnado por parte do profesor.

-Ordenadores E-dixgal dos alumnos.

## 8 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

### 8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Como procedementos e instrumentos de avaliación, tal e como figura no cadro do punto 1.3, utilizaranse a observación sistemática do traballo do alumno e a súa actitude ante a materia, os traballos realizados ó longo do curso (dixitais, exposicións ou exercicios escritos) e probas específicas a realizar en cada avaliación. Estas probas específicas consistirán en exames teóricos escritos (que se poderán realizar en ordenador) e/ou prácticos a realizar no ordenador. Realizaráse como mínimo unha proba por trimestre.

## 8.2 Criterios de cualificación das avaliacións

- En cada avaliación os alumnos terán que ir entregando unha serie de traballos, prácticas, e actividades que se programen xunto coas probas escritas específicas, ben dixitais, orais ou escritas.
- A avaliación de cada traballo, que deberá entregarse no prazo e forma indicado pola profesora, será de 0 a 10. A profesora dará tempo suficiente para a realización das tarefas para que cada alumno siga o seu ritmo de traballo. Calquera atraso non xustifico na súa entrega suporá un 0 na súa cualificación.
- Nas prácticas valorase tanto a presentación como a correcta realización das mesmas.
- Vixilarase que non haxa plaxios nos traballos. Se dous ou máis traballos son plaxios, todos eles serán cualificados con 0.
- A nota en cada avaliación cuantificarase da seguinte maneira:
  - Obteráse unha nota media de todas as tarefas realizadas durante ese trimestre que será o 90% da nota da avaliación. O 10 % restante da nota avalía a actitude cara a materia. Nesta nota inclúese:
    - a) Observación directa ao longo das clases
    - b) Participación na clase
    - c) Atención ás explicacións da profesora
    - d) Interese pola aprendizaxe
    - e) Silencio durante a clase
    - f) Colaborar cos compañeiros nos traballos grupais
    - g) Asistir con puntualidade ó comezo das sesións
    - h) Coidado dos equipos informáticos
    - i) Non entrar en Internet, ou noutro tipo de aplicación informática cando o profesor non o estime oportuno (cada chamada de atención por este motivo restará 0,5 da nota final, no caso de que se lle chame máis de 4 veces a atención, na avaliación, por estar facendo outra cousa que non fose a tarefa correspondente, estará suspenso).

Para obter cualificación positiva en cada avaliación o alumno debe obter unha nota  $\geq 5$ . De non ser este o caso e, de xeito excepcional, a profesora poderá realizar unha recuperación, despois do período vacacional que segue á 1ª e 2ª avaliación, consistente en tarefas ou probas específicas sobre os estándares de aprendizaxe non acadados.

## 8.3 Criterios de cualificación Final

No cálculo para obter a cualificación final de curso o alumno atoparase nun dos seguintes casos:

Caso 1. Alumnado con cualificación positiva (nota  $\geq 5,00$ ) nas 3 avaliacións.

Este alumnado deberá realizar a Proba Final de Xuño (PFX). Neste caso a Cualificación Final de Xuño será a obtida da seguinte forma : 100% Nota media aritmética das 3 Avaliacións + 10% Nota PFX. Esta proba consistirá nun examen tipo test sobre todos os contidos do curso.

Caso 2. Alumnado con unha avaliación de nota 4. Se a media aritmética das 3 avaliacións é  $\geq 5,00$ , considerarase compensada e ese alumnado realizará a PFX nas mesmas condicións que o caso 1.

Caso 3. Todos os demais casos. Nestes casos o alumnado deberá superar un examen tipo test sobre todos os contidos do curso (PFX) xunto con 3 probas prácticas específicas. E requisito neste caso obter un 5,00 como mínimo en todas as probas para que a Calificación Final de Xuño sexa positiva e nese caso ésta non será maior de 5.

## 9 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

Co propósito de mellorar continuamente, consideraremos:

- En canto á planificación e ás actividades: nivel de dificultade ben axustado ou non, relevancia no proceso de aprendizaxe interés despertado, temporización realista.
- En canto ós materiais e recursos utilizados: se resultan atractivos para os alumnos e suficientes.
- Grao de participación e implicación dos alumnos na clase.
- Eficacia das medidas de atención á diversidade.
- Inclusión dos temas transversais.
- Comunicación coas familias satisfactoria.

## 10 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poida adoptar como consecuencia dos seus resultados

Durante todo o curso recóllase información para avaliar ó alumno en base ós estándares de aprendizaxe, que se relacionan coas competencias básicas conforme á táboa do apartado 1.1. Nas primeiras 4-5 semanas de curso previas á sesión de avaliación inicial levaranse a cabo actividades variadas na aula de informática na que se traballarán os estándares de aprendizaxe dos bloques 1 e 2. A información relevante deducida desas actividades en relación ás competencias será recollida por escrito para cada alumno e posta en común na devandita sesión.

Como consecuencia da información recollida axustarase a metodoloxía e a temporización.

## 11 Medidas de atención á diversidade

O carácter práctico da materia, baseada na súa maior parte no traballo no ordenador, facilita a adaptación a niveis e ritmos de aprendizaxe distintos.

As actividades para desenvolver cada un dos estándares de aprendizaxe serán variadas, terán dificultade crecente e partirán sempre dun nivel básico, de xeito que os alumnos con maiores niveis competenciais poidan ampliar e profundizar mentres que os de menor nivel acadan o mínimo.

Aínda que o ideal é un alumno por ordenador, determinadas actividades pódense realizar en grupo de xeito cooperativo se se considera conveniente.

## 12 Concreción dos elementos transversais que se traballarán

A comprensión lectora traballarase de xeito continuo na aula, a través da procura activa de información na Rede, ademais dos textos relacionados coa materia que se traballarán como participación no Proxecto Lector do Centro. A expresión oral y escrita, así como a comunicación audiovisual, estarán presentes na elaboración de presentacións e producións audiovisuais. Lóxicamente o uso das TIC constitúe o núcleo central da materia, e o seu uso en particular como ferramenta útil para o emprendemento trátase no tema de comercio electrónico e no deseño e publicación de materiais para a web.

Os valores constitucionais e cívicos básicos teranse en conta en todo momento tanto na organización e desenvolvemento das clases, coidando a igualdade e o respecto ás diferenzas, como na supervisión dos materiais elaborados polos alumnos.

### **13 Actividades complementarias e extraescolares programadas.**

Durante o curso poderán ser realizadas actividades tales como:

- Semana da Ciencia. Actividades que se propoñan no centro.
- Actividades en colaboración con outros departamentos.
- Charlas e obradoiros que poidan ser de interese para o alumnado. Por exemplo, sobre seguridade nas redes sociais a cargo da Garda Civil.

### **14 Proxecto Plurilingue**

Conforme ao Proxecto Plurilingüe do centro, a materia TIC comezou a impartirse en inglés a a partir do curso 18-19, polo que incorporamos un libro de texto nesta lingua, na que estarán tamén moitos dos materiais e recursos empregados.

### **15 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da Programación Didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- O grao de desenvolvemento da programación didáctica
- Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
- Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

### **16 Constancia da información para o alumnado**

No calendario escolar establécese que *“Ao inicio de curso, o profesor ou profesora responsable de cada departamento e o titor ou titora de curso elaborará a información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións didácticas da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o seu grao mínimo de consecución para superar a materia.”*

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos, ao conxunto da comunidade educativa, e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

3. Preséntase un modelo estandarizado de información da materia na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.